



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN
DATA 4 DE NOVEMBRO DE 2015**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarme Méndez, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Saray Blanco Canoura, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Jaime Eduardo De Olano Vela, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. M^a Jesús Vale López, D^a. Belinda Bermúdez Otero e D. Víctor Marcial Miranda Gómez.

INTERVENTORA

D^a. Rosa Abelleira Fernández

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catro de novembro de dous mil quince, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello. Excusa a súa asistencia a Concelleira D. María Soledad Yáñez Rey.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DE ACTA DE SESIÓN DE DATA 22/09/2015

Apróbese por unanimidade a acta da sesión de data 22/09/2015

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucions dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, dase por informado das Resolucions dictadas pola Alcaldía.



3.- REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA POLICÍA LOCAL DE VIVEIRO

Vista a proposta da Alcaldía de aprobación provisional do Regulamento de organización e funcionamento da policía local de Viveiro.

Visto o informe de Secretaría referente ó procedemento de aprobación do referido regulamento.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Seguridade Cidadá.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, que procede á apertura do debate, cedéndelle a palabra á Secretaria Municipal.

Intervén a Secretaria Municipal, D^a. M^a Luz Balsa Rábade, para dicir que respecto á proposta de inclusión dos concelleiros no punto referente ó saúdo este aspecto foi consultado coa policía local, non manifestando reparo algún respecto á súa inclusión.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz para dicir que agradece á Policía local o xesto de incluír ós membros da corporación no saúdo. Considera de xustiza que neste regulamento se teña en conta á Corporación.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Manuel Galdo Dopico para dicir que xa se falou este aspecto na Comisión. Engade que o seu grupo está de acordo, non querendo pasar por descortesés, pero como concelleiros non consideran necesario o saúdo, pero considera que as funcións da policía son outras cousas. Manifesta que persoalmente non ten problema en que o saúden, pero non van valorar que se inclúa ou non, non considerándoo importante.

Intervén o concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para dicir que lle dá igual esa inclusión.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que tamén lle dá igual.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese por unanimidade, á aprobación da proposta da Alcaldía do seguinte xeito:

1.- Aprobar, provisionalmente, Regulamento de organización e funcionamento da policía local de Viveiro.

2.- Expoñer ó público o acordo provisional adoptado plo Pleno e o texto do Regulamento por prazo de 30 días hábiles, tal e como preceptúa o artigo 49 da Lei reguladora das bases do réxime local.

3.- Elevar a definitivo o acordo mencionado de non presentarensen reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 49 da citada LBRL.



4.- O referido Regulamento aprobado entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación íntegra no BOP e terá efectos a partir do mesmo día.

4.- PROCEDIMIENTO DE REVISIÓN DE OFICIO DE LICENZAS URBANÍSTICAS OUTORGADAS Á EMPRESA VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U.

Vista a proposta de Alcaldía de arquivo do procedemento de revisión de oficio de licenzas urbanísticas outorgadas á empresa Vestas Nacelles Spain SAU, que literalmente di:

“María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,

Resultando que en data 19 de outubro de 2015 se adoptou por parte da Alcaldía a seguinte resolución, que literalmente di:

“María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,

En base ós seguintes ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 01/10/2009, a Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro outorgou licenza de obra maior á mercantil VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para a ampliación da planta para ensamblase de aeroxeradores no lugar de Calvoso segundo o proxecto básico elaborado polo enxeñeiro industrial D. José Manuel Villar Esmorís.

Segundo.- En data 30/06/2010, a Xunta de Goberno Local autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para o inicio das obras de ampliación amparadas na licenza referida no punto primeiro.

Terceiro.- En data 04/06/2013, a Xunta de Goberno Local autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. a ampliación da licenza de actividade outorgada mediante resolución da Alcaldía do 19/01/2000, para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso-Chavín.

Cuarto.- En data 22 de abril de 2014 (nº de rexistro 2.695) recíbese neste Concello escrito da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) mediante o que se require a revisión de oficio dos acordos de Xunta de Goberno sinalados nos puntos primeiro a terceiro que anteceden.

Quinto.- En data 2 de maio de 2014 (nº de rexistro 3.037) recíbese escrito de D. Fernando Aguirre Vigo no que se solicita a revisión de oficio dos actos firmes dictados por este Concello en data 1 de outubro de 2009 e 30 de xuño de 2010.

Sexto.- En data 27 de novembro de 2014 adoptouse polo Pleno da Corporación acordo de incoación de expediente de revisión de oficio dos seguintes actos:

- Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro, de data 01/10/2009, mediante o que se outorgou licenza de obra maior á mercantil VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para a ampliación da planta para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso segundo o proxecto básico elaborado polo enxeñeiro industrial D. José Manuel Villar Esmorís.

- Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 30/06/2010, mediante o que se autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para o inicio das obras de ampliación amparadas na licenza referida no parágrafo anterior.

- Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 04/06/2013, mediante o que se autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. a ampliación da licenza de actividade outorgada mediante resolución da Alcaldía do 19/01/2000, para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso-Chavín.



Sétimo.- Resultando que, emitida proposta de Resolución por parte do instructor do procedemento, en data 7 de maio de 2015 adoptouse acordo polo Pleno da Corporación en orde á asunción da proposta emitida polo instructor, á disposición da conservación dos actos e trámites anteriores ó vicio de nulidade, e á solicitude de dictame preceptivo ó Consello Consultivo de Galicia.

Oitavo.- En data 15 de xuño de 2015 recíbese acordo do Consello Consultivo de Galicia, mediante o que se devolve o expediente remitido para a enmenda dos aspectos reflexados no referido acordo do Consello, no tocante ó inicio do expediente por parte da Alcaldía, ó estudo sobre a concorrencia da causa de nulidade alegada por D. Fernando Aguirre Vigo e prevista no artigo 62.1g) da LRXPAC e remisión de información actualizada do estado de tramitación tanto das Dilixencias Previas 839/2013 como do recurso contencioso-administrativo PO 261/2013-C.

Noveno.- O acordo do Consello Consultivo de Galicia foi remitido ó instructor do procedemento, ós efectos da súa consideración na instrucción dos puntos referidos no mesmo.

Décimo.- En data 9 de outubro de 2015 recíbese neste Concello nova proposta de resolución, emitida polo instructor, na que se recollen os puntos referidos no acordo do Consello Consultivo de Galicia.

En base ós seguintes FUNDAMENTOS

I.- A revisión de oficio dos actos nulos régulase con carácter xenérico no artigo 102 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC).

En virtude do establecido en dito artigo, as Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou por solicitude de interesado, e contando co dictame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbese, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen obxecto de recurso en prazo, nos supostos previstos no artigo 62.1

O artigo 62.1 da LRXPAC recolle os supostos nos que os actos das Administracións Públicas incorren en nulidade de pleno dereito, relacionando os seguintes:

- a) Os que lesionen dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.*
- b) Os dictados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.*
- c) Os que teñan un contido imposible.*
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se dicten como consecuencia desta.*
- e) Os dictados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.*
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ó ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.*
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.*

O artigo 212 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) remite para a revisión de licenzas ós procedementos previstos na LRXPAC, así como o artigo 64 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia (RDUG)

A revisión de oficio, no artigo 102 da LRXPAC non se regula para a Administración con carácter potestativo, senón que se establece con carácter preceptivo (“declararán”).

Os actos que poden ser obxecto de revisión de oficio teñen que cumprir coa premisa de ter posto fin á vía administrativa ou non ter sido recorridos en prazo. Os actos sobre os que se insta a nulidade poñen fin á vía administrativa, de conformidade co previsto no artigo 109 da LRXPAC e 52.2 da LBRL.

A LRXPAC non regula un procedemento concreto a seguir para a revisión de oficio de actos nulos, establecendo simplemente o requisito de que deben contar con dictame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, polo que a maiores deste trámite especial que especificamente se recolle, deberá acudir á tramitación xeral establecida en dita norma.



O dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma (no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o Consello Consultivo de Galicia) ten carácter preceptivo e vinculante.

A resolución dictada no procedemento de revisión de oficio deberá ser notificada a cantos interesados figuren no mesmo así como a aqueles que teñan dereitos que podan resultar afectados pola decisión que nel se adopte (artigo 31.1. b) LRXPAC).

O prazo para dictar e notificar a resolución do procedemento é de tres meses. O órgano competente para a tramitación do procedemento poderá acordar a suspensión do prazo para resolver, segundo o artigo 42.5 LRXPAC, polo tempo que medie entre a petición do informe ó Consello Consultivo de Galicia e a recepción do mesmo, que en ningún caso poderá exceder de tres meses e deberá ser notificada ós interesados, e comunicarse a data de petición de informe e a data de recepción.

A resolución deste procedemento será susceptible de recurso administrativo e contencioso-administrativo.

II.- A LRXPAC non establece o órgano competente para incoar nin resolver o procedemento de revisión de oficio. Na normativa das Entidades Locais tampouco se recolle explicitamente a competencia para este procedemento, o que podería levar a englobar a mesma dentro do artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL). Por outra banda, o artigo 22.2 k) da LBRL establece como competencia plenaria a declaración de lesividade, e o artigo 110 da mesma norma recolle que corresponden ó Pleno a declaración de nulidade de pleno dereito e revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria. Así as cousas son diversos os criterios interpretativos respecto á competencia para a revisión de oficio. Debe facerse referencia ó disposto no acordo do Consello Consultivo de Galicia, no que se sinala que o criterio seguido por dito organismo, é o da competencia da Alcaldía para a revisión de oficio dos acordos de outorgamento de licenzas. Respecto a este suposto concreto, manifesta o Consello Consultivo que os acordos foron adoptados pola Xunta de Goberno Local, polo que só no suposto de que este órgano actuase por delegación do Pleno éste sería o competente para acordar a revisión de oficio. De actuar por delegación da Alcaldía sería competencia da Xunta de Goberno Local a revisión de oficio, salvo que no acordo de delegación de competencias ésta non estivese incluída, suposto no que a competencia correspondería ó Alcalde. Resultando que a revisión de oficio non se atopaba incluída no acordo de delegación na Xunta de Goberno, a competencia para a revisión de oficio, seguindo o criterio mantido polo Consello Consultivo de Galicia correspondería ó Alcalde.

III.- O procedemento de revisión de oficio pode comezar a iniciativa da propia Administración autora do acto ou a solicitude dos particulares interesados, mediante a denominada acción de nulidade. Xurisprudencia do Tribunal Supremo entendeu que o concepto de interesados para formular dita solicitude comprende igualmente a outras Administracións Públicas. Respecto destas últimas o artigo 65 da LBRL regula que cando a Administración do Estado ou das Comunidades Autónomas considere, no ámbito das súas respectivas competencias, que un acto ou acordo dalgunha Entidade Local infrinxe o ordenamento xurídico, poderá requerila, invocando expresamente o presente artigo, para que anule dito acto.

A LOUGA recolle no artigo 226.4 as competencias da APLU, establecéndose que en materia de disciplina urbanística terá as demais competencias, a maiores das recollidas explicitamente na LOUGA, que lle sexan atribuídas nos seus Estatutos. A competencia para formular o requerimento para a anulación de licenzas e autorizacións urbanísticas contrarias á normativa reguladora do urbanismo corresponden á dirección da APLU de conformidade co disposto no artigo 3.h), en relación co artigo 18.b) dos estatutos da APLU, aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro, modificado polo Decreto 450/2009, do 23 de decembro, e no artigo 226.4 f) da LOUGA (tal e como se fundamenta no requerimento de revisión de oficio remitido a este Concello en data 22 de abril de 2014).

En base ó exposto, segundo o recollido na proposta de resolución remitida polo instructor do procedemento, e de conformidade co disposto no artigo 62.1, letras e) , f) e g) da LRXPAC, que sinalan que son nulos de pleno dereito os actos das administracións públicas dictados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, así como aqueles contrarios ó ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición, a APLU



considera os actos dictados polo Concello de Viveiro nas datas 01/10/2009, 30/06/2010 e 04/06/2013, nulos de pleno dereito, polo que formula requerimento para a súa revisión.

IV.- O requerimento de revisión de oficio da APLU baséase nos seguintes fundamentos:

- No momento da concesión da licenza urbanística municipal para a ampliación da planta para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso, outorgada o día 01/10/2009, estaba vixente a LOUGA (coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, pola Lei 6/2007, do 11 de maio, pola Lei 3/2008, do 23 de maio, pola Lei 6/2008, do 19 de xuño e pola Lei 18/2008, do 29 de decembro), e a ordenación urbanística provisional do Concello de Viveiro, aprobada polo Decreto 102/2006, do 22 de xuño.
- No momento da concesión da autorización municipal para o inicio das obras de ampliación, outorgada o día 30/06/2010, estaba vixente a LOUGA (cunha nova modificación realizada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo), así como pola referida ordenación urbanística provisional do Concello de Viveiro, aprobada polo Decreto 102/2006, do 22 de xuño, modificado posteriormente polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño.
- No momento da concesión da autorización municipal para a ampliación da licenza de actividade inicial, o día 04/06/2013, estaba vixente a LOUGA (coas novas modificacións introducidas pola Lei 15/2010, do 28 de decembro, pola Lei 4/2012, do 12 de abril e pola Lei 8/2012, do 29 de xuño) e a ordenación urbanística provisional do Concello de Viveiro, aprobada polo Decreto 102/2006, do 22 de xuño, modificado posteriormente polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño.
- O artigo 8 de Decreto 102/2006, do 22 de xuño, cuxa redacción non resultou afectada pola modificación do Decreto 89/2010, do 3 de xuño, vixente na data dos tres actos administrativos sobre os que se require a revisión, mantivo a clasificación como solo urbanizable non delimitado de uso industrial do ámbito do parque empresarial de Chavín, establecendo que as condicións para o seu desenvolvemento mediante o correspondente plan de sectorización son as recollidas na modificación puntual das normas subsidiarias aprobada definitivamente por Orde do 30 de xuño de 2005, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.
- No momento dos actos referidos non se atopaba aprobado o correspondente plan de sectorización, polo que resulta de aplicación o establecido no artigo 21.4 da LOUGA, cuxa redacción non se veu afectada polas modificacións operadas en dita lei. Este artigo sinala que no solo urbanizable non delimitado, como é o caso, en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización, aplicarase o réxime establecido para o solo rústico en dita lei. Para o acordo de inicio de obras e ampliación da actividade, a mesma conclusión tamén se deriva, a maiores, da Disposición Adicional Segunda da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de modificación da LOUGA.
- En base ó esgrimido nos apartados anteriores, o réxime do solo aplicable ós terreos onde se realizaron as obras de ampliación da nave para ensamblaxe de aeroxeradores, no momento dos tres acordos de Xunta de Goberno Local era o réxime de solo rústico previsto nos artigos 31 a 44 da LOUGA.
- Según este réxime a construción ou instalación de establecementos de uso industrial é unha actividade prohibida en solo rústico.
- Por outra banda, a ampliación de construcións executadas en solo rústico ó abeiro de licenza urbanística e da preceptiva autorización autonómica, como é o caso da construción da planta orixinal para ensamblaxe de aeroxeradores (que conta con autorización autonómica para a construción dunha nave para ensamblaxe de aeroxeradores, outorgada por resolución do 04/06/1999, do delegado provincial de Lugo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, licenza urbanística para a execución das obras de construción da Xunta de Goberno do Concello de 27/04/2000 e licenza de actividade para ensamblaxe de aeroxeradores eólicos outorgada por Resolución da Alcaldía de data 19/01/2000), está sometida ó requisito da obtención da previa autorización autonómica segundo o establecido na disposición transitoria cuarta da LOUGA. Esta Disposición prevé un réxime especial para este tipo de ampliacións, previa autorización autonómica con arranxo ó establecido no artigo 41 e cumprindo os requisitos expostos na mesma.
- O Concello de Viveiro non seguiu a tramitación prevista na Disposición Transitoria Cuarta da LOUGA para a adopción dos acordos sobre os que se require a revisión, para o caso de que se cumprisen todos os requisitos esixidos pola mesma, autorización que en todo caso, se tramitaría seguindo o procedemento establecido no artigo 41 da LOUGA.



V.- Tal e como se recolle no requerimento da APLU, a normativa aplicable ós terreos onde se realizaron as obras de ampliación da nave para ensamblaxe de aeroxeradores, no momento dos tres acordos de Xunta de Goberno Local (segundo o establecido no artigo 8 do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, e no artigo 21.4 da LOUGA, en consonancia coa Disposición Adicional Segunda da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de modificación da LOUGA) era o réxime de solo rústico previsto nos artigos 31 a 44 da LOUGA. Deste xeito, neste suposto, a tramitación a seguir sería a recollida na Disposición Transitoria Cuarta da LOUGA, seguindo o procedemento establecido no artigo 41 de dita norma.

Segundo consta nos expedientes obrantes no Concello non se seguiu a tramitación referida, o que conleva que os actos dictados polo Concello incurran en vicio de nulidade do artigo 62 da LOUGA.

A tenor do artigo 62.1 e) son nulos os actos dictados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido. A ausencia deste procedemento debe ser clara e manifesta, asimilándose pola xurisprudencia a dita ausencia, a omisión de procedemento adecuado, ou aquelas situacións nas que se aplicou un procedemento distinto ó regrado a tal efecto pola lei, aínda que o resultado práctico poidese chegar a ser idéntico ou presente importantes coincidencias co que debería haberse seguido, así se recolle na sentenza do Tribunal Supremo de data 28 de setembro de 1994. No presente suposto o procedemento a seguir, segundo se expuxo nos fundamentos que anteceden é o recollido na Disposición Transitoria Cuarta da LOUGA, seguindo o procedemento establecido no artigo 41 de dita norma, resultando constatado do expediente que os actos dictados prescindiron de dito procedemento. Así mesmo, tamén se pode apreciar a causa de nulidade prevista no artigo 62.1 f), posto que en virtude dos actos dictados no seu momento, contrarios ó ordenamento xurídico, adquiríronse facultades ou dereitos carecendo dos requisitos esenciais para a súa adquisición, ou cando menos non quedando constatada a existencia dos mesmos. Tamén consta na documentación obrante no expediente a concorrencia da causa de nulidade do artigo 62.1 g) ó constatar a falta de autorización autonómica previa establecida no artigo 34.3 da LOUGA.

Constatado que o primeiro acto, dictado en data 01/10/2009 (de concesión da licenza urbanística municipal para a ampliación da planta para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso) incurre en nulidade polos motivos expostos, que o acto dictado o 30/06/2010 (de autorización municipal para o inicio das obras de ampliación) está totalmente vinculado ó anterior e que o acto dictado en data 04/06/2013 (de concesión da autorización municipal para a ampliación da licenza de actividade inicial), tamén está totalmente vinculado ó de licenza de obra do ano 2009, en consonancia co establecido no artigo 196 da LOUGA.

VI.- Consta neste Concello a existencia de procedemento contencioso-administrativo en tramitación contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 26 de setembro de 2013 que se segue no Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo (procedemento ordinario 261/2013-C), así como a existencia de dilixencias previas (Nº 839/2013), que se seguiron no Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción Nº 2 de Viveiro, que xa concluíron, dictándose o auto de continuación de procedemento abreviado, auto recorrido polos imputados. A apreciación ou non da litispendencia e prexudicialidade penal debe determinarse na tramitación do procedemento. O procedemento contencioso-administrativo atópase nestes momentos en período de proba. O procedemento penal atópase nestes momentos na Fiscalía de Mondoñedo para informe respecto ó recurso sobre o auto de continuación.

VII.- Segundo o sinalado no fundamento segundo da presente resolución, o acordo de inicio do procedemento de revisión de oficio debe adoptarse pola Alcaldía. Tendo en conta que, tal e como consta nos antecedentes, se atopaba en tramitación o procedemento por parte do Pleno da Corporación, debe procederse ó arquivo do procedemento iniciado polo Pleno e ó inicio do mesmo pola Alcaldía, podendo asumirse por este último órgano municipal a tramitación levada a cabo ata este momento. Para isto debe terse en conta que a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no artigo artigo 66 establece a conservación daqueles actos e trámites que terían mantido igual o seu contido, prevéndose este aspecto para os supostos de declaración de nulidade ou anulabilidade, polo que debe extenderse ós supostos nos que simplemente se retoma un asunto iniciado con anterioridade e que non foi resolto. Deste xeito deberían manterse todos os actos e trámites que non varíen, atopándose o procedemento plenario en fase de proposta de resolución.



Resultando que, en virtude do acordo recibido do Consello Consultivo de Galicia respecto á consideración no procedemento de diversos aspectos (tal e como se sinala no antecedente oitavo), por parte do instructor do procedemento dictouse nova proposta de resolución na que se fai referencia ós mesmos.

Resultando que, en virtude do establecido no artigo 84 da LRPAC, instruídos os procedementos, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, se porá de manifesto o expediente ós interesados, para que nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, podan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Resultando que o artigo 89 da LRPAC recolle que a resolución que poña fin ó procedemento decidirá todas as cuestións formuladas polos interesados e aquelas outras derivadas daquela, prevendo que cando se trate de cuestións conexas que non formulasen os interesados, o órgano competente poderá pronunciarse sobre elas, e antes terállelo que por de manifesto a éstes por un prazo non superior a quince días, para que presenten as alegacións que estimen pertinentes e acheguen, de ser o caso, os medios de proba. En consonancia co establecido nos artigos referidos, e tendo en conta que se asumen e conservan todos os trámites realizados no procedemento iniciado polo Pleno da Corporación, e que o último trámite acaecido foi a nova proposta de resolución do instructor analizando os aspectos referidos no acordo do Consello Consultivo de Galicia, debe procederse á posta de manifesto do expediente ós interesados, con toda a documentación obrante no mesmo, concedéndolles un prazo de quince días para que podan presentar as alegacións ou observacións que estimen procedentes.

Esta Alcaldía RESOLVE:

1º.- Incoar expediente de revisión de oficio dos seguintes actos:

- Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro, de data 01/10/2009, mediante o que se outorgou licenza de obra maior á mercantil VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para a ampliación da planta para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso segundo o proxecto básico elaborado polo enxeñeiro industrial D. José Manuel Villar Esmoris.

- Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 30/06/2010, mediante o que se autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para o inicio das obras de ampliación amparadas na licenza referida no parágrafo anterior.

- Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 04/06/2013, mediante o que se autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. a ampliación da licenza de actividade outorgada mediante resolución da Alcaldía do 19/01/2000, para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso-Chavín.

2º.- Conservar todos os actos e trámites realizados no procedemento de revisión de oficio incoado polo Pleno da Corporación en data 27 de novembro de 2014.

3º.- Notificar o presente acordo a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. e a D. Fernando Aguirre Vigo, como interesados no procedemento.

4º.- Informar ós interesados, segundo o disposto no artigo 42.4 da LRPAC, que o prazo máximo para a resolución e notificación deste procedemento, en virtude do artigo 102 da LRPAC é de tres meses. O silencio administrativo nos procedementos de revisión de oficio ten efecto desestimatorio.

5º.- Notificar o presente acordo á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística segundo o disposto no artigo 92.5 da LOUGA.

6º.- Poñer o expediente de manifesto ós interesados, por prazo de quince días hábiles, ós efectos de que podan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

7º.- Acordar, en virtude do artigo 42.5 da LRPAC, a suspensión do prazo máximo de tres meses para resolver o presente procedemento, polo tempo que medie entre a petición do informe preceptivo e vinculante ó Consello Consultivo de Galicia e a recepción de dito informe, debendo comunicarse a petición e recepción ós interesados. Este prazo de suspensión non poderá exceder en ningún caso de tres meses.



En Viveiro, a 19 de outubro de 2015.

A ALCALDESA

Asdo: María Loureiro García

Esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Arquivar o procedemento de revisión de oficio tramitado polo Pleno da Corporación en relación cos seguintes actos:

- Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro, de data 01/10/2009, mediante o que se outorgou licenza de obra maior á mercantil VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para a ampliación da planta para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso segundo o proxecto básico elaborado polo enxeñeiro industrial D. José Manuel Villar Esmoris.

- Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 30/06/2010, mediante o que se autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para o inicio das obras de ampliación amparadas na licenza referida no parágrafo anterior.

- Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 04/06/2013, mediante o que se autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. a ampliación da licenza de actividade outorgada mediante resolución da Alcaldía do 19/01/2000, para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso-Chavín.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados no procedemento."

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

Intervén a Sra. Alcaldesa para proceder á apertura do debate, dándolle a palabra á Secretaria Municipal.

Intervén a Secretaria Municipal para dicir que se trata dunha proposta de arquivo do procedemento de revisión de oficio iniciado no seu momento polo Pleno, en cumprimento do informe emitido polo Consello Consultivo de Galicia, no que se manifesta que aínda que non é pacífica a interpretación do órgano competente para a revisión de oficio na Administración Local, considerando parte da xurisprudencia que sería competencia plenaria, o criterio do Consello Consultivo de Galicia, xunto co de outros Consellos Consultivos autonómicos e outra parte da xurisprudencia, consideran que sería competencia do órgano que dictou o acto. Neste suposto foi a Xunta de Goberno Local, pero entendendo que actuou por delegación de competencias, considera que se non se efectuou delegación da revisión de oficio debería ser a Alcaldía. Así mesmo o informe fai referencia a que debe analizarse polo instructor outra causa de nulidade, a do artigo 62.1. g) da LRPAC, alegada polo particular que instou a revisión de oficio, así como facerse referencia concreta ó estado de tramitación dos procedementos penal e contencioso-administrativo, polo que se deu traslado ó instructor do procedemento para ter en conta o referido no informe do Consello Consultivo. Deste xeito, ó iniciarse pola Alcaldía o procedemento cómpre o arquivo do procedemento plenario.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que se congratulan de que o Consello Consultivo coincida en que quen creou o problema sexa quen o anule. Agardan que se resolva e se fagan as cousas conforme á legalidade.



Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o seu grupo vai votar a favor. Manifesta que non saben se o que pasa é que se perdeu case un ano neste procedemento. Engade que se trata dunha regularización que manda o Consello Consultivo e hai que acatala.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se trata dun trámite administrativo, e que o instructor é un funcionario da eiputación de Lugo, que non se trata dun problema de deixadez. Solicita que a Secretaria Municipal explique cal foi o procedemento e por qué se dilatou

Intervén a Secretaria Municipal para dicir que o procedementou se dilatou un pouco no tempo, tendo en conta o informe emitido polo Consello Consultivo, no que se requería que o procedemento se iniciase pola Alcaldía e se tivesen en conta diversos aspectos, como xa se sinalou, polo instructor do procedemento. Por este motivo deuse traslado do informe ó instructor, e unha vez recibida a proposta coa análise dos aspectos mencionados polo Consello Consultivo, iniciouse o procedemento pola Alcaldía.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Victor Marcial Miranda Gómez, para dicir que está de acordo, e que considera importante o mantemento dos empregos.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicirlle ó Sr. Bouza que se asumiu nun momento unha responsabilidade que era manter as postos de traballo, e lle gustaría saber que faría él.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que o fin no xustifica os medios, que se xogou coa boa vontade dos voceiros e que era algo ilegal e logo non se fixo o plan de sectorización.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o que decía da dilación era por non incialo pola Alcaldía nun primeiro momento.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que foi agora cando se recibiu o informe do Consello Consultivo

Non existindo máis debate sobre este asunto, acórdase por unanimidade aprobar a proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Arquivar o procedemento de revisión de oficio tramitado polo Pleno da Corporación en relación cos seguintes actos:

- Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro, de data 01/10/2009, mediante o que se outorgou licenza de obra maior á mercantil VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para a ampliación da planta para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso segundo o proxecto básico elaborado polo enxeñeiro industrial D. José Manuel Villar Esmorís.

- Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 30/06/2010, mediante o que se autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para o inicio das obras de ampliación amparadas na licenza referida no parágrafo anterior.



- Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 04/06/2013, mediante o que se autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. a ampliación da licenza de actividade outorgada mediante resolución da Alcaldía do 19/01/2000, para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso-Chavín.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados no procedemento.

5.- TURVIVEIRO SL. XESTIÓN DE SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL.

Vista a proposta da Alcaldía de asumir a prestación do servizo da piscina municipal mediante xestión directa, pola propia Corporación.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención, que obran no expediente, coas observacións recollidas nos mesmos.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente na Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se realiza esta proposta porque se considera que a xestión indirecta non funcionaba, tendo proba delo. Non era rentable, porque se se lle dá a unha empresa, ésta ten o seu beneficio industrial, e a empresa ten que asumir unha serie de gastos. Sinala que Turviveiro paga 40.000€ de IVE, as remesas do banco son sobre 6.000€, que o Concello non os asumiría, así como os gastos de xestoría, que son sobre 6.000€. A maiores a empresa tería que asumir os gastos de ISEMPA: sobre 92.000€. Engade que hoxe o Concello fai aportacións á piscina, mediante subvencións, que no 2015 foron sobre 30.000€ para a axuda das nóminas. Manifesta que é un servizo e non vai sacar beneficios o Concello pero créese que é viable e factible para o Concello, sen subir a cuota dos usuarios. Engade que para a decisión que se tome hoxe necesítase maioría absoluta, e o órgano competente é o Pleno, e pide que se vote en contra ou a favor, porque se trata dunha decisión que hai que tomar por todos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que vai empezar por onde se acabou, cunha moción do BNG, cando decían un sí rotundo e que non tiñan nada en contra da xestión directa, pero pedían datos para ver que funcionaba. Engade que seguen pedindo o mesmo, e gustaríalles ter encima da mesa polo menos tres ofertas de empresas. Manifesta que xestión directa xa foi estos anos, cun déficit de 300.000€ en catro anos e non se aplicou ningún plan de corrección nin se fixeron enquisas entre usuarios. Creen que non vai cambiar nada, as nóminas firmaraas o Concello e as perdas en vez de amortizadas en subvencións pasarán ó Concello é o único que vai cambiar, nada, e os veciños seguirán igual. Di que non o controlaron en catro anos e agora creen que sí, preguntándose quen o vai controlar agora. Engade que o plan de viabilidade lles presenta dúbidas. Piden que se presenten tres ofertas de empresas e se se demostra que a xestión directa é a mellor votarán a favor da mesma, pero dí que lles choca esta situación, que a vían vir, e parecía que buscaban a disolución, comentando que en Aparcamentos A Mariña as medidas tomáranse, reflatou, e na piscina non se fixo nada. Di así mesmo que queren desprenderse do conservatorio que é deficitario e asumir a piscina. Pide que se asuma transitoriamente e en dous ou tres meses se analice a situación, se busquen orzamentos, xa que a preocupación é que sexa servizo de calidade e beneficioso para os usuarios, e que non se marchen para Xove.



Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que parten da base de que creen na xestión pública dos servizos. Toda a inversión en deporte e educación, son inversións, iso é o que define a política da dereita e da esquerda, considéranas inversións, non déficit. Queren unha boa xestión directa, que ata o de agora foi mala, e o déficit asumíndoo o Concello pode reducirse moito, o importe é ir na liña de ir mellorando. Os beneficios pódense reinvertir. Engade que votan en falta que se fixese isto antes porque hai un mes de prazo. Piden que se aclare se vai ser posible que o primeiro de decembro sexa xestión pública con absolutas garantías. Manifesta que os que son usuarios saben que hai que mellorar as instalacións e hai falta de medidas de incremento da actividade. Manifesta que Aparcamentos A Mariña hoxe non hai que disolvela. Conclúe dicindo que van votar a favor pedindo que sexa unha xestión pública cun bo seguemento.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Victor Marcial Miranda Gómez, para dicir que está a favor, que se debe facer viable e que o beneficio non se mire só no rendemento económico senón que hai que analizar máis factores.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non se pode mezclar o conservatorio coa piscina, que o déficit foron só sobre 90.000€. Engade que a piscina paga de IVE máis de 40.000€ ó ano, que se o adquire o Concello non o pagaría, máis os 50.000€ que sempre aporta. Respecto ó prazo sinala que as bases xa están elaboradas polos RRHH da Deputación e se se aprobase a xestión directa mañá aprobaríanse e publicaríanse o venres. O un de decembro estaría xa traballando. É unha convocatoria pública á que poden presentarse todos os que queiran traballar na piscina. Engade que a súa intención é que a piscina non se peche. Di que pode facer unha Comisión de seguimento e explicar ós voceiros os trámites ata o día un de decembro.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose a aprobación da proposta da Alcaldía, con 11 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e o concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, e 5 votos en contra correspondentes ó Grupo Municipal do P.P., do seguinte xeito:

Primeiro.- Asumir a prestación do servizo de piscina municipal, con efectos da data de disolución automática da empresa municipal (1 de decembro de 2015), que se engloba dentro das competencias municipais recollidas no artigo 25 da LBRL.

Segundo.- Establecer como modalidade de prestación do servizo a xestión directa pola propia Entidade Local, o que conleva a extinción da encomenda de xestión do servizo realizada no seu momento a favor de Turvivero S.L.

Terceiro.- Facultar á Sra. Alcaldesa para levar a cabo a tramitación necesaria en orde a facer efectivo o acordado nos puntos primeiro e segundo, así como para a realización dos procesos selectivos correspondentes para a selección do persoal laboral temporal necesario para a prestación do servizo. Esta selección efectuarase dando cumprimento ós principios de acceso ó emprego público establecidos no EBEP e demais normativa aplicable; e realizarse con carácter transitorio, tendo en conta as necesidades urxentes e inaprazables desta Corporación en orde a manter o servizo en funcionamento polo seu interese xeral e prioritario para a poboación, en tanto se procede á realización dos trámites necesarios para dar cumprimento á normativa vixente en materia de persoal respecto ó acceso ó emprego público e no tocante á plantilla e relación de postos de traballo.



Cuarto.- Iniciar os trámites para a modificación da ordenanza fiscal nº 37, reguladora da taxa pola prestación de servizos na piscina municipal climatizada de Viveiro.

Quinto.- Convocar a Xunta Xeral da sociedade municipal Turviveiro S.L. para a realización dos trámites precisos en orde á disolución automática da mesma así como á súa liquidación e extinción.

6.- EOGAL VIVEIRO SL.

Vista a proposta da Alcaldía para a iniciar expediente para a transmisión da participación municipal na sociedade Eogal Viveiro S.L., ou de non ser posible, para a disolución da sociedade

Visto o informe de Intervención obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente na Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Intervén a Sra. Alcaldesa para proceder á apertura do debate, dándolle a palabra ó Concelleiro de Facenda.

Intervén o Concelleiro de Facenda para dicir que dado que a empresa Eogal, composta por Isempa nun 49% e 51% polo Concello non chegou a funcionar, dado que se constituiu para facer un parque eólico singular no Concello. No informe de intervención vese o rendemento e patrimonio negativo, teñen dúas solucións:

- Iniciar expediente para a transmisión das participacións
- Disolver a mesma.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D^a. Belinda Bermúdez Otero, para dicir que había unha 3^a posibilidade, que era mantela por si nun futuro pode volver funcionar, xa que a Secretaria Municipal manifestou na Comisión Informativa que non se sabía se un día se ía poder construír o parque eólico singular.

Intervén a Interventora Municipal para dicir que non ten sentido ter sen funcionamento algo que non funciona, que costar ó Concello neste momento non lle custa nada, porque os gastos os está pagando Isempa.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Manuel Galdo Dopico para dicir que dado que nunca chegou a funcionar, si nun futuro se permite tamén se podería solicitar de novo, polo que a súa proposta é favorable.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Victor Marcial Miranda Gómez, para dicir que non se sabe de que nos desfecemos, se van incluídos os terreos onde se ía construír o parque eólico singular e que co futuro cambio do goberno da Xunta isto podería variar, polo que di que votará en contra, xa que non trae cargas para o Concello.



Intervén o Concelleiro de Facenda para dicir que leva sen funcionar dende o 1º día, que era un proxecto moi ambicioso, que mentres que houbo subvencións funcionou ben, pero para este parque eólico había problema para o entronque, e non está nin instalado, polo que esta sociedade nons revé para nada.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D^a. Belinda Bermúdez Otero, para dicir que van votar en contra porque non supón gastos.

Intervén a Secretaria Municipal para dicir que entende, tras o debate, que tendo en conta que non se sabe se nun futuro a lexislación permitirá a instalación de parques eólicos singulares, e pesiste esta empresa pero con capital totalmente privado, pola transmisión das participacións, non se sabe se ó mellor despois o Concello podería ou non construír pola súa iniciativa outro, polo que parece que das dúas opcións podería ter menos prexuízos para o interese xeral a disolución.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Manuel Galdo Dopico para dicir que se trata dunha empresa sen actividade e manteñen que é máis favorable a disolución, tras a aportación da Secretaria Municipal, valorando que a normativa poda cambiar.

Intervén a Sra. Alcaldesa para manifestar que propón votar sobre a disolución, estando todos os presentes de acordo.

Non existindo máis debate procédeuse á votación, acordándose a aprobación da proposta da Alcaldía, con 10 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e 6 votos en contra correspondentes ó Grupo Municipal do P.P. e ó concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto do seguinte xeito:

Primeiro.- Iniciar expediente para a disolución da sociedade, facultando á Sra. Alcaldesa para a realización dos trámites necesarios en orde a levar a efecto o presente acordo.

7.- CESIÓN DE LOCAIS PARA AMPLIACIÓN DE XULGADOS DE VIVEIRO

Vista a proposta da Alcaldía para a cesión de uso a favor da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a ampliación dos Xulgados de Viveiro de varios locais de titularidade municipal no inmovible sito na Rúa Alonso Pérez, 50.

Visto o expediente tramitado para levar a cabo dita cesión.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se trata dun trámite iniciado xa hai anos, nun momento no que peligraba que se fose o xulgado de Viveiro, aínda que parece que agora está todo parado, teñen problemas de espazo. O anterior Alcaldede, Melchor, ofrecerera a ampliación dos xulgados, se se mantén ben, e se pode haber o xulgado nº3 aínda mellor.



Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Jaime De Olano Vela, para dicir que o seu grupo sempre estivo a favor, para garantir que se puidesen ampliar, e que tivo varias reunións con Roel no 2012 e acordaran realizar esta cesión. Di que se corrixan os pequenos erros na superficie e que chamaa atención que se tardase 3 anos en facer isto, sinalando que as tramitacións son longas pero parálisis de un ano son dificilmente inexcusables.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo está de acordo, e pregunta para donde vai ir o arquivo municipal.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que vai facer unha Comisión para valorar a onde iría. Sinala que se valorara non ceder esa parte pero podía ser un pretexto para non ampliar os xulgados. Agora úrxelles un espazo para os expedientes, e de momento manifestaron que non ían facer nada e entón mentres tanto seguiría alí.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Victor Marcial Miranda Gómez, para dicir que está a favor da cesión, e insta á Xunta de Galicia a seguir mellorando as instalacións dos traballadores, que son deficitarias.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade, aprobar a proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Acordar a cesión de uso gratuita a favor da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a ampliación dos Xulgados de Viveiro, dos seguintes locais de titularidade municipal, que contan, segundo os planos obrantes no expediente de cesión, cunha superficie real a ceder de:

Inmable sito na Rúa Alonso Pérez, 50, Viveiro, coas seguintes superficies:

- PlantaBaixa, 3 locais cunha superficie útil de 37,00 m2.
- Primeira Planta, actualmente utilizado pola biblioteca, cunha superficie útil de 175,00 m2.
- Entreplanta, actualmente ocupada polo Arquivo Municipal, cunha superficie útil de 256,84 m2.
- Garaxe-Almacén, cunha superficie útil 298,68 m2.

Segundo.- Notificar o presente acordo de cesión á Consellería de Presidencia, Adminsitacións Públicas e Xustiza.

8.- MOCIÓN QUE PRESENTA A ALCALDÍA DO CONCELLO E VIVEIRO EN REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA ACADAR A IMPLICACIÓN DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA CONTINUAR SOLICITANDO QUE A XUNTA DE GALICIA ASUMA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE VIVEIRO.

Intervén a Sra. Alcaldesa , que presenta para a súa aprobación a seguinte moción que literalmente di:

“De acordo co previsto no Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Alcaldía do Concello de Viveiro desaxa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción:



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Conservatorio de Música de Viveiro é un centro público de ensinaza musical dependente economicamente do Concello de Viveiro. Na actualidade conta con 24 profesores, 1 administrativo e 1 conserxe e imparte 17 especialidades (baixo eléctrico, canto, clarinete, contrabaixo, gaita, guitarra, guitarra eléctrica, piano, percusión, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, violín e violonchelo).

A súa área de influencia abarca as comarcas da Mariña de Lugo e acorulesa do Ortegal. No Conservatorio de Viveiro cursan estudos, aemais de alumnos pertencentes ao Concello de Viveiro, alumnos de Barreiros, Burela, Cariño, Cervo, Foz, Lugo, Mañón, O Valadouro, O Vicedo, Ortigueira e Xove.

Dos 259 alumnos matriculados no presente curso, un 20,35% non son do Concello de Viveiro. Estes estudantes pagan o mesmo importe de matrícula que os alumnos do noso Concello; tendo en conta que cada alumno non paga nin a quinta parte do que custa, o concello de Viveiro está a financiar con recursos propios os estudos no conservatorio a alumnado procedente doutros concellos.

A comparativa do custo dos estudos no Conservatorio de Viveiro, en relación cos conservatorios dependetes da Consellería de Educación, evidencia agravio comparativo existente entre os alumnos das diferentes administracións:

	<i>CMUS da Concellería</i>	<i>CMUS Viveiro</i>
<i>1º GE</i>	<i>137€</i>	<i>394,94€</i>
<i>2º GE</i>	<i>137€</i>	<i>394,94€</i>
<i>3º GE</i>	<i>137€</i>	<i>485,67€</i>
<i>4º GE</i>	<i>137€</i>	<i>485,67€</i>
<i>1º GP</i>	<i>232€</i>	<i>556,32€</i>
<i>2º GP</i>	<i>232€</i>	<i>556,32€</i>
<i>3º GP</i>	<i>232€</i>	<i>647,15€</i>
<i>4º GP</i>	<i>232€</i>	<i>647,15€</i>
<i>5º GP</i>	<i>232€</i>	<i>730,76€</i>
<i>6º GP</i>	<i>232€</i>	<i>730,76€</i>

Ademais da labor formativa, o conservatorio dinamiza a vida cultural de Viveiro e da súa comarca organizando concertos, participando en actividades culturais de todo tipo e colaborando con diferentes colectivos sociais e culturais, Conta, así mesmo, cunha serie de agrupacións estables que participa nas actividades indicadas (banda, orquestra de corda, coro, coro de adultos, grupo de metais, grupo de clarinetes “Sol en cuarta”, grupo “Brétema”, grupo “O vapor da arte”, banda de gaitas, grupos de pop rock e grupo de frautas..

Nos seus 32 anos de historia, o Conservatorio Profesional de Viveiro formou a grandes profesionais, entre os que se encontran 10 membros do actual claustro de profesores. Hai, ademais, antigos alumnos impartindo docencia en diferentes conservatorios superiores e



profesionais, escolas de música e institutos de educación secundaria e como músicos instrumentistas en bandas profesionais e orquestras sinfónicas.

Actualmente, o conservatorio de Viveiro segue remitindo alumnado para continuar estudando en conservatorios superiores, como a da Coruña, Vigo, Oviedo e Musikene; poñendo como exemplo o Conservatorio Superior da Música da Coruña, cómpre sinalar que nel están estudando 12 alumnos procedentes do noso conservatorio: 4 alumnos de Composición, 2 de Frauta, 1 de Trombón, 1 de Clarinete, 1 de Violín e 1 de Dirección.

Por todo canto antecede, o concello leva máis de unha década reclamando á Xunta de Galicia que asuma a xestión do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro cos seguintes argumentos:

- 1. A ensinanza musical regrada é unha competencia impropia das administracións locais.*
- 2. O importe déficit económico que este servizo supón para o Concello de Viveiro.*
- 3. O financiamento económico do Concello de Viveiro a alumnos procedentes doutros concellos.*
- 4. O agravio comparativo entre o que pagan os alumnos pertencentes a conservatorios de dependetes da Consellería de Educación e os alumnos do noso conservatorio.*
- 5. A área xeográfica que abarca o conservatorio, con preto de 80.000 habitantes, similar á doutros conservatorios pertencentes á Consellería de Educación.*
- 6. a distancia de 100 km ata o conservatorio máis próximo dependente da Consellería de Educación.*
- 7. O interese pola ensinanza musical da xente de Viveiro e a súa comarca, que produce un sobredimensionamento do Conservatorio de Viveiro para as posibilidades económicas do Concello de Viveiro.*
- 8. A influencia que exerce o conservatorio de Viveiro na vida musical e cultural deste concello e da súa comarca.*

A pesar das xestións realizadas ao respecto, tanto pola anterior alcalde, Melchor Roel, como por min mesma, a Xunta de Galicia continúa sen atender a nosa petición. Hai máis de un ano que solicitei unha reunión co Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para falar deste asunto; tras realizar numerosas chamadas telefónicas e remitir numerosos escritos insistindo na solicitude, o pasado 20 de outubro, eu e mais o concelleiro de educación, fomos recibidos polo Director Xeral de Centros e Recursos Humanos e polo Subdirector de Ensinanzas Artísticas (non polo conselleiro, como se solicitara; nin polo director xeral, como se nos indicara). Nesa reunión, argumentando que os orzamentos da administración autonómica para o vindeiro ano xa estaban pechados, obtivemos unha negativa retunda para buscar algunha outra opción ou para acadar algún compromiso a longo prazo, a pesar da nosa disponibilidad para atopar unha posible alternativa.

Dende o concello de Viveiro pretendemos seguir traballando nesta liña e continuar demandando da Xunta de Galicia que asuma o Conservatorio Profesional de Música de Viveiro; por todo isto, entendendo que todos os grupos estarán a favor de realizar todos os trámites posibles para manter un servizo relevante para os veciños de Viveiro e dos demais municipios que fan uso do mesmo, é polo que esta Alcaldía do Concello de Viveiro solicita se someta a votación presente moción e se adopten os seguintes acordos:



PRIMEIRO: Instar á Xunta de Galicia a que asuma a xestión do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, manifestando a disponibilidad do Concello de Viveiro.

SEGUNDO: Solicitar ao Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha entrevista urxente con todos os portavoces dos partidos que compoñen a corporación municipal para tratar a transferencia do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro á Xunta de Galicia.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que levan moitos anos anos reivindicándoo, que non se conseguiu co bipartito e tampouco agora.

Afirma que é consciente da importancia do conservatorio e da súa área de influencia, xa que hai 259 alumnos matriculados., dos cales un 20% non son de Viveiro e que cada alumno non paga nin a quinta parte do que costa. Di que se está a financiar o estudo dos alumnos. Continua a súa intervención dicindo que leva intentando personalmente cerca de dous anos que a reciba o Conselleiro de Cultura e Educación. Sinala que no mes pasado se recibiu unha chamada informando de que que o Director Xeral de Educación ía recibir aos representantes do Concello. E que non foi así ,xa que os recibiu o Director Xeral de Centros e Director de Ensinazas Artísticas para dicir que non era posible e que xa estaban os orzamentos pechados. Manifesta a Sra. Alcaldesa que dende o Concello estaban abertos a posibilidades, como facelo paulatinamente e que non lles deron opcións.

Continua a súa intervención dicindo que a moción ten por obxecto que entre todos os grupos se poda facer forza para que o Conservatorio (que non é deficit) pero supón moito gasto, conseguir que nos reciban a todos e se fai falta unha concentración con músicos, que non vaíamos coa porta pechada.

Considera un agravio comparativo, que un alumno no Conservatorio de Viveiro teña que pagar o triple que nun da Xunta. A continuación procede á lectura dos acordos da moción:

PRIMEIRO: Instar á Xunta de Galicia a que asuma a xestión do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, manifestando a disponibilidad do Concello de Viveiro.

SEGUNDO: Solicitar ao Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha entrevista urxente con todos os portavoces dos partidos que compoñen a corporación municipal para tratar a transferencia do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro á Xunta de Galicia.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que no 2010 o PP aportaba no pleno unha moción neste sentido e que a resposta foi unánime. No 2014 presentouse outra igual por parte de IVI (a resposta tamén foi unánime). Manifesta que o partido Popular levábao no programa como un punto e que está dacordo. Dan datos moi detallados. Lóuvase a actividade do conservatorio. Ten moito prestixio.

Continua a súa intervención mostrando todo o seu apoio respecto do punto primeiro e manifesta que o segundo punto o ven absurdo, xa que supón que á reunión á que foi a Alcaldesa xa levaría os dous acordos, co cal iría levar un terceiro. Di que polo Conservatorio hai que deixar a pel que irán se así se lles pide.



Pero vostede hau dez días que estivo alí é dixo que non, e non é capricho supoño porque xa o dixera de volvermos será o mesmo.

Continua dicindo que hai que abrirse a outras posibilidades pero que ó mellor se á Xunta se lle plantean outras partes: Concello, Xunta e Deputación, ou que a Deputación de Lugo o asuma como fixo a de A Coruña. Di que para iso teñen á Sra Alcaldesa como responsable de Educación e Xuventude e que supón que aí pode facer toda a presión. Manifesta que non hai mellor momento que este, porque ostenta precisamente esa área.

Remata a súa intervención dicindo que se a Xunta o asume hai outros 25 esperando e que se van a ver as vontades reais de loitar polo Conservatorio.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo que di que na Deputación haberá que falar primeiro con Martínez e afirma que a inversión en educación non a consideran déficit, senón inversión. Di que son decisións políticas e que outros podían pechalo. Manifesta a súa alegría de que haxa unanimidade e di que a Xunta é quen debería pagalo porque é a súa competencia Responde que a Sra. Alcaldesa di de facelo en tres partes, pero que a competencia é da Xunta.

Adiantamos xa ese traballo e queremos que se pronuncien non parlamento galego. Di que no tocante ao punto presenta o B.N.G. unha moción no parlamento galego de 600.000€ e poderían votaloahí, e que aí se verá a realidade do que opinan, di que falen co seu grupo parlamentario e aproben esa moción por unamidade para o orzamento 2016. No bipartito o PSOE levábao e tampouco fixo nada. Remata dicindo que van apoiar.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Victor Marcial Miranda Gómez, que manifesta que votarán a favor, que é unha cuestión de competencias e cada un debe asumir a súa.

Intervén a Sra. Alcaldesa que manifesta que cando foron a Santiago ofreceron varias posibilidades obtendo un non por resposta, que o orzamento para o 2016 estaba pechado. Di que levaban dous anos esperando, e que quizais en varios anos se consiga.

Remata dicindo que a Deputación de Lugo colabora con Viveiro e que o seguirá facendo, di que actualmente a área de Vicepresidencia tamén aporta, mentras que a Xunta non aporta nada e que a labor do Concelleiro era recibilos, que hai exemplos de que con presión se consiguen as cousas. Que xa dende o bipartito levaban pelando e non o conseguiron e que van seguir loitando. Agradece se votan a favor e facer forza.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que nunca falou do Conservatorio como deficit que iso o dixo o Concelleiro do BNG.. Manifesta o seu acordo en que a ten que asumir a Xunta e que irán a Santiago e insiste que se hai dez días dixeron que non dirán o mesmo a próxima vez.

Conclúe que se na Deputación teñen problemas que os arranxen, que o BNG tamén está. Di que deben ofrecer alternativas iguais e que non sabe as alternativas que plantearan e manifesta que deben abrir posibilidades, que a Xunta xestiona once conservatorios, vinte e seis os Concellos e algúns as Deputacións.



Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que el non está na Deputación, que non ten ningún problema con Martínez. Di que o PP incide en que o asuma a Deputación, cando é unha Competencia que non lle é propia xa que é da Xunta.

Remata dicindo que Benestar Social a asumiu moitas veces a Deputación por non cumprir os seus deberes a Xunta.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Victor Marcial Miranda Gómez, que manifesta que se a Xunta non se quere facer cargo haberá que buscar algunha alternativa. Que agora que Viveiro está na Mancomunidade e se ofrece servicios a máis concellos se pode traballar aí tamén.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que actualmente os datos que teñen é que a Xunta asume sete. Que Educación é competencia a Xunta de Galicia e que grazas á Deputación poden facer moitas cousas.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose aprobada por unanimidade, e quedando redactada do seguinte xeito:

PRIMEIRO: Instar á Xunta de Galicia a que asuma a xestión do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, manifestando a dispoñibilidade do Concello de Viveiro.

SEGUNDO: Solicitar ao Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha entrevista urxente con todos os portavoces dos partidos que compoñen a corporación municipal para tratar a transferencia do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro á Xunta de Galicia.

Neste intre abandona o Pleno a Interventora Municipal.

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE DO CONCELLO DE VIVEIRO CON MOTIVO DA MARCHA ESTATAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS DE 7 DE NOVIEMBRE DE 2015.

Intervén a Sra. Alcaldesa, que presenta para a súa aprobación a seguinte moción que literalmente di:

“ De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Conce de Viveiro desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de novembro de 2015 confluiremos en Madrid miles de persoas de todo o Estado, convocadas polo Movemento Feminista, para manifestarnos contra as violencias machistas.

Todas as persoas e entidades, especialmente as públicas, estamos emprazadas non só a manifestarnos e contribuír a esta acción cidadá, senón a reactivar e mellorar a prevención e a resposta á subsistencia da violencia machista evidenciada nos casos gravísimos deste verán, dez anos despois da Lei integral contra a violencia de xénero de 2004, das numerosas leis autonómicas e un ano desposi da ratificación do Convenio de Istambuel (BOE do 06.06.14), que se incumpren substancialmente en canto a prevención no ámbito educativo, que só dan protección laboral ou



económica ao 1% das 126.742 denunciantes, ou de vivenda, mentres crece a desigualdade que é o caldo de cultivo da violencia.

Os concellos, como institución máis próxima, somos imprescindibles para a prevención e a atención social, xurídica e psicolóxica que establece o artigo 10 da lei estatal de 2004. Con todo, o artigo 27.3.c) da Lei de Réxime Local reformando pola Lei 27/2013 di que os concellos só poderán prestar servizos sociais, de promoción da igualdade de oportunidades e de prevención da violencia contra muller por delegación do Estado ou da Comunidade Autónoma financiada ao 100%, que en absoluto cobren os 6 millóns da partida 45 do programa 232C de Violencia de Xénero no Proxecto de Orzamentos do Estado 2016.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Viveiro presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Concello a:

- Colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta coa lema “contra as violencias machistas” e promover a participación cidadá na Marcha.*
- Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.*
- Soster tódolos días do ano, tódolos anos os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómica e local a longo prazo.*
- Asegurar unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.*
- Contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en tódalas etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.*
- Realizar campañas de sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e tódalas actuacións e servizos de competencia municipal.*
- Erradicar o sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos.*
- Desenvolver unha atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, inmigrantes, con diversidade funcional, paradas ou dependetes, e non incorrer na victimización múltiple nos procesos de atención.*
- Fomentar a participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.*



Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e Informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Istambul que establece o seu artigo 68 inclúa, conforme aos artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da administración local.”

Intervén en representación do grupo municipal do PSOE, Dna. Lara Fernández Fernández-Noriega que manifesta que con motivo da marcha do 7 de novembro a Madrid todas as persoas e entidades están implicadas en manifestarse e apoiar para que esto se reduza. Di que os concellos son imprescindibles para previr, axudar... como di o artigo 19 da lei estatal de 2004, o que xustifica esta proposta que procede a ler:

- *Colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta coa lema “contra as violencias machistas” e promover a participación cidadá na Marcha.*
- *Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.*
- *Soster tódolos días do ano, tódolos anos os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómica e local a longo prazo.*
- *Asegurar unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.*
- *Contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en tódalas etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.*
- *Realizar campañas de sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e tódalas actuacións e servizos de competencia municipal.*
- *Erradicar o sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos.*
- *Desenvolver unha atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, inmigrantes, con diversidade funcional, paradas ou dependetes, e non incorrer na victimización múltiple nos procesos de atención.*
- *Fomentar a participación da sociedade civil, en particular as organización de mulleres.*

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D^a. María Jesús Vale López que di que está



en contra de calquer tipo de violencia, e que a machista é a máis noxenta. Di que dende as distintas administracións se están adoptando medidas que contribúen a erradicala, pero que ven cousas imposibles.

En setembro aprobouse un Plan Integral para dar resposta a un fenómeno que atenta contra os dereitos humanos das mulleres que a van apoiar, aínda que na exposición de motivos non coinciden. Remata dicindo que agarda que contribúa á súa derrota e se elimine da loita partidista.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., Dna. Saray Blanco Canoura para manifestar que hai que loitar todos xuntos.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Victor Marcial Miranda Gómez que se manifesta a favor porque por desgracia se fai demasiadas veces.

Intervén en representación do grupo municipal do PSOE, Dna. Lara Fernández Fernández-Noriega que di que é moi bo o dato da lei integral pero dende que entrou Rajoy os recortes neste ámbito foron aumentando cada ano, manifesta que as asociacións lle din que levan todos estes anos reclamando a Rajoy que se implique. Que agora se fan fortes ó final, pero anteriormente vense evidenciando que as mulleres vítimas non pensan o mesmo da Lei Integral. Hai que facer esforzos, pero non ve suficiente a Lei Integral.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D^a. María Jesús Vale López para dicir que non está dacordo, que si se está contribuindo, non cos ollos pechados, con 104 millóns de euros e que non se está a mirar para outro lado.

Intervén en representación do grupo municipal do PSOE, Dna. Lara Fernández Fernández-Noriega que manifesta que si se está apoiando, pero cun 17% menos que no 2011, que hai recortes nun sector que non podería haber.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose aprobada por unanimidade, e quedando redactada do seguinte xeito:

- **Colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta coa lema “contra as violencias machistas” e promover a participación cidadá na Marcha.**
- **Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.**
- **Soster tódolos días do ano, tódolos anos os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómica e local a longo prazo.**
- **Asegurar unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e**



seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.

- **Contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en tódalas etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.**
- **Realizar campañas de sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e tódalas actuacións e servizos de competencia municipal.**
- **Erradicar o sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos.**
- **Desenvolver unha atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, inmigrantes, con diversidade funcional, paradas ou dependetes, e non incorrer na victimización múltiple nos procesos de atención.**
- **Fomentar a participación da sociedade civil, en particular as organización de mulleres.**

10.- MOCIÓN DO PP SOBRE A REPARACIÓN DO PASEO MARÍTIMO SEIRAMAR – SACIDO.

Intervén o Concelleiro do Partido Popular de Viveiro, D.Celestino García Paz para dicir que a preocupación do seu grupo polos paseos marítimos é evidente e que ante uns defectos que necesitan intervención presentan esta moción que procede a ler literalmente:

“El Concejal del Partido Popular de Viveiro, abajo firmante, en nombre propio y en el del grupo municipal del PP, presenta al Pleno, para su debate y aprobación si procede, de la siguiente MOCIÓN SOBRE LA REPARACIÓN DEL PASEO MARÍTIMO SEIRAMAR – SACIDO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El paseo marítimo Seiramar – Sacido, situado en la parroquia de Covas, presenta a día de hoy unas carencias que nos resultan preocupantes tales como son la falta de alumbrado público y la falta de visibilidad en varias zonas, motivada por la abundante maleza y ramas de árboles que se acumulan tras el muro de dicho paseo, lo que impide disfrutar en buenas condiciones de las estupidas vistas de la Ría de Viveiro y su entorno.

En lo referente al alumbrado público en el tramo Seiramar –Sacido señalar que del 1º cuadro eléctrico situado en Sacido, hemos contabilizado que de las 26 farolas existentes sólo funcionan 13 y por cierto, alguna en mal estado; por otra parte de las lámparas encastradas en el muro, de las 58 existentes sólo funcionan 3.

Del 2º cuadro eléctrico de Sacido, situado cerca del Motel Las Sirenas, de las 86 lámparas de muro sólo funcionan 18 y de las 10 farolas funciona 1. Esto nos da una idea de la lamentable situación



en la que se encuentra este paseo desde hace tiempo, paseo muy concurrido por el día por los vecinos y turistas que nos acompañan en distintas épocas del año, pero no tanto por las noches al encontrarse con esta escasísima iluminación, lo que genera una sensación de inseguridad, al tiempo que impide ver con precisión por donde caminamos.

Tres cuartos de lo mismo podemos comentar de la abundante maleza y ramas de arbolda en la costa, que impiden en buena parte del paseo, disfrutar de una buena visibilidad de nuestra Ría y del Puerto de Celeiro, privando así tanto a vecinos como a visitantes de disfrutar de un marco natural incomparable que es una seña de identidad de nuestro concello.

Por todo ello el Grupo Popular solicita del Pleno de Corporación la aprobación del siguiente acuerdo

ACUERDO

Que se proceda a la reparación del Paseo Marítimo de Seiramar a Sacido de la parroquia de Covas, bien sea con medios propios o en colaboración con otras administraciones, para dar solución a los problemas de Alumbrado y luminarias en mal estado y se proceda a la limpieza de la maleza que impide el disfrute de contemplar en buenas condiciones de visibilidad, espacios tan señalados como es nuestra Ría y su entorno.”

Intervén en representación do grupo Municipal do PSOE, D. Jesús Fernández Cal para dicir que a raíz das últimos temporais houbo dous desprendementos de terra, que se comunicaron ós técnicos e Costas. Manifesta que tamén respecto a Sacido se comunicou a Costas. Continua dicindo que os técnicos visitaron a zona e aparentemente non había perigo e propúxese o arranxo por non ter moito orzamentariamente e ser máis urxente que outras casos.

Continua a súa intervención dicindo que o PP ó redor de peticións razoables fai menosprezo da labor do goberno local, xa que o paseo de Sacido non está abandonado. Di que persoal municipal foi polas, desbroces, limpa praias... Manifesta que a opinión de Costas é contraria á tala de árbores para non deixar precipicio desprotexido e que non foron notificados sobre a falta de alumeado, de xeito que se ao PP lle interesa podía decilo e non en prensa. Di que mirou co electricista e se repara o alumeado fundido e o estropeado por vandalismo.

Remata a súa intervención dicindo que no verán é cando se usa, que resulta sorprendente que non lle fixeran chegar unha queixa xeralizada polo olor nauseabundo en dúas zonas. Di que hai un tubo grande baixo o paseo que sale dunha zona de instalacións, que se permitiu ou se mirou para outro lado.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para manifestar que consideran que sería máis un rogo que unha moción.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Victor Marcial Miranda Gómez para dicir que lles gustaría que se impulsara un alumeado eficiente a partir das dez da noite na que o número de usuarios é mínimo.

Intervén o Concelleiro do Partido Popular de Viveiro, D. Celestino García Paz para dicir que Cal fai mención ás cousas do alumeado que teñen unha relación dende foi non moito tempo máis fluída



nese tema, que el non é vixiante do alumeado e que a veces co seu teléfono privado da aviso, cando ve que é unha necesidade de seguridade.

Manifesta que o seu grupo e el como portavoz tivo especial interese en correxir os defectos dos paseos marítimos, di que vai rexistar os datos e que cre que os que trae son reais, que o 80% do alumeado non funciona. Continua dicindo que o goberno local ten a función de facer o mantemento dos paseos marítimos e que se son un custo elevado é lóxico que pida axuda a outras administracións.

Reitera que ten unha nota de prensa do 2009 onde xa denunciaba que faltaba alumeado e que chega un momento que non ten que traelo como rogo, que se ve obrigado a traelo como moción. Di que aínda que ó lado haxa un hotel de bastante importancia, antes limpábase no verán. e que na maleza está dacordo en que esa zona lle corresponde a Costas. Tamén comenta que se falaba de podar ata unha altura reglamentaria e non arrancar.

Remata a súa intervención dicindo que do tubo non ten nin idea de que lle fala.

Intervén en representación do grupo Municipal do PSOE, D. Jesús Fernández Cal para manifestar que está confirmando que están dacordo en que o hai que arreglar e recoñece que faltan moitas farolas altas e que a día de hoxe onde hai duplicidade de farolas a partir dunha hora apáganse.

Di que se olvide das do muro, salvo nun tramo que non hai farolas altas e que naquel tramo pedíranse 50 bombillas para o muro que se van colocar.

Comenta que non ten por costume ir de noite alí e que non houbo ninguna comunicación como hai outras veces noutros sitios.

Di que podaron para que a maleza non entre ó paseo, porque dentro de pouco vai ter que talar os eucaliptos das estradas da Xunta. Conclúe manifestando a súa extrañeza por qué o Grupo Popular sempre ten varios veciños que lles din e extránao que non lles dixeran o que comentan todos (que se verten augas fecais ó mar con permiso dalguén).

Intervén o Concelleiro do Partido Popular de Viveiro, D.Celestino García Paz para dicir que como decía Melchor, o que propón a moción péchaa. Manifesta que sae na prensa porque se a vai a propoñer o lóxico é que a pase, e que se a xente lles da os avisos o lóxico é que os reciba. E que a veces coinciden e transmítello. Conclúe a súa intervención dicindo que respecto á poda entende que está en zona de Costas.

Intervén en representación do grupo Municipal do PSOE, D. Jesús Fernández Cal para dicir que no tema da poda fai un ano os donos do hotel solicitaran para efectuar a poda na entrada á praia, e que foi Tragsa quen o podou por orden de Costas. Manifesta que no alumeado o recoñece e que se ninguén o comenta ou é que non van ou non lles molesta, xa que noutras zonas avisan continuamente.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose aprobada por unanimidade, e quedando redactada do seguinte xeito:

Que se proceda a la reparación del Paseo Marítimo de Seiramar a Sacido de la parroquia de Covas, bien sea con medios propios o en colaboración con otras administraciones, para dar solución a los problemas de Alumbrado y luminarias en mal estado y se proceda a la limpieza de la maleza que impide el disfrute de contemplar en buenas condiciones de visibilidad, espacios tan señalados como es nuestra Ría y su entorno.



11.- MOCIÓN DO BNG PARA A DECLARACIÓN DO CASCO ANTIGO DE VIVEIRO COMO CONXUNTO HISTÓRICO.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo que presenta para a súa aprobación a seguinte moción que literalmente di:

“Bernardo Fraga Galdo con domicilio e efectos de notificación en Avda. de Ferrol nº20 Entrechán 20-A, en nome e representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Viveiro, e conforme á lexislación vixente, presenta ao Pleno da Corporación Municipal de Viveiro a seguinte:

MOCIÓN PARA A DECLARACIÓN DO CASCO ANTIGO DE VIVEIRO COMO CONXUNTO HISTÓRICO

O Casco Histórico de Viveiro, conta un Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) aprobado no ano 1997, e que foi o documento clave para invertir a tendencia autodestrutiva do Casco Histórico de Viveiro. O PEPRI conseguiu que hoxe en día, o Casco Histórico de Viveiro, teña centos de vivendas reformadas ou rehabilitadas, conforme a uns criterios construtivos e unha tipoloxía propia, característica da historia da nosa Cidade.

A singularidade do Casco Histórico de Viveiro, non está sin embargo recoñecida plos organismos da Xunta de Galicia, como así debería de ser.

A Lei 9/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia establece a definición de Conxunto Histórico no seu artigo 8 4.b. Conxunto histórico, a agrupación de bens inmobles que forman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, condicionada por unha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade humana, por ser testemuño da súa cultura ou constituir un valor de uso e gozo para a colectividade, aída que individualmente non teñan unha especial relevancia.

Conforme a esta descripción, queda claro que o Casco Histórico de Viveiro, posúe as condicións aprobadas para ser declarado Conxunto Histórico.

No apartado 1 do artigo 45 da citada lei, establece “A declaración dun conxunto histórico determinará a pbriga para o Concello no que se atope de redactar un plan especial de protección da ára afectada. A aprobación definitiva deste plan requirirá o informe favorable da Consellería de Cultura, que se entenderá positivo transcorridos tres meses desde a súa presentación”. No caso do noso Concello, o Plan de Protección xa se atopa realizado posto que temos en vigor o PEPRI de 1997.

A día de hoxe, para realizar unha actuación dentro do Casco Histórico de Viveiro, é preciso realizar unha solicitude á Dirección Xeral de Patrimonio para a autorización das obras, sexan maiores ou menores, co coste económico e de prazos de execución dos traballos que isto supón para as nosas veciñas e veciños.

A lei 9/1995 establece nesta cuestión, no parágrafo 2 do artigo 47 “Unha vez aprobado definitivamente o plan especial de protección, os concellos serán competentes para autoriza-las obras que o desenvolven, incluídas as dos contornos dos monumentos declarados, e deberanlle dar



conta á Consellería de Cultura das licencias concedidas nun prazo máximo de dez días. En tdo caso, as intervencións arqueolóxicas requirirán a autorización da Consellería de Cultura”

A Declaración de Conxunto Histórico, recoñecería o valor artístico, cultural, arquitectónico, patrimonial e histórico do Casco Antigo de Viveiro, in recoñecemento da identidade cultural galega e do valor propio do noso Casco.

Ademais a Declaración, simplificaría a tramitación de autorizacións, a fin de facilitar ás veciñas e veciños de Viveiro, a realización de actuacións que continúen na senda de renovación e reforma do Casco Histórico de Viveiro.

Por iso solicitamos ao Pleno Municipal de Viveiro, a aprobación da seguinte MOCIÓN:

1. SOLICITAR Á XUNTA GALICIA E A CONSELLERÍA DE CULTURA, A DECLARACIÓN DE CONXUNTO HISTÓRICO PARA O CASCO ANTIGO DE VIVEIRO. ”

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que están dacordo e que isto xa se falou en moitas comisiós do PXOM. Di que un dos problemas foi con patrimonio e que na última reunión por este tema o subdirector recoñeceu que era un erro non declarar o conxunto histórico. Continua dicindo que case todas as actuacións do Casco Histórico teñen que pedir autorización de Patrimonio e propón que como se está coa elaboración do PXOM e parece que patrimonio vai avanzando, esperar a ver como vai a tramitación do PXOM para non perxudicar a aprobación do PXOM.

Intervén o Concelleiro do Partido Popular de Viveiro, D. Antonio Bouza Rodil que se manifesta dacordo con todo o que sea protexer e mellorar o Casco Histórico (promoción turística...). Di que se se declara como BIC poderían optarse a máis subvencións do Ministerio. Manifesta que o PEPRI xa ten 18 anos pero que cando sexa o momento non sería malo revisalo.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Victor Marcial Miranda Gómez que se manifesta a favor.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo que manifesta que pode ser paralelo que non hai porque obrigatoriamente esperar, non vai conxunto e di que respecto á renovación do PEPRI debe ser o paso seguinte ó PXOM.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose aprobada por unanimidade, e quedando redactada do seguinte xeito:

SOLICITAR Á XUNTA GALICIA E Á CONSELLERÍA DE CULTURA, A DECLARACIÓN DE CONXUNTO HISTÓRICO PARA O CASCO ANTIGO DE VIVEIRO.

12.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO SOBRE PROXECTO DE INSTALACIÓN DEPORTIVA AO AIRE LIBRE.

D. Víctor Marcial Miranda Gómez, concelleiro de SON VIVEIRO presenta para o seu debate no Pleno Ordinario a seguinte moción que literalmente di:



“MOCIÓN SOBRE PROXECTO DE INSTALACIÓN DEPORTIVA AO AIRE LIBRE

Recollendo o reto que nos lanzou a Alcaldesa, no último pleno do mes de setembro, no que nos instaba a propoñer un emprazamento para unha noca instalación deportiva ao aire libre, dende SON VIVEIRO non só propoñemos unha localización, senón que presentamos un proxecto con ubicación, materiais e custos de instalación.

A pista estaría situada no Paseo Marítimo de Viveiro enfronte do final da avenida Navia Castrillón.

PROPÓN

- *Que esta Alcaldía, e o resto da Corporación municipal, teñan en conta este proxecto presentado pola nosa coalición, e sexa analizada polo concelleiro de Deportes e polos técnicos do Concello para ver a a súa viabilidade.”*

Intervén a Sra. Alcaldesa que se manifesta a favor porque o que propón é factible. Di que xa se tivo en conta, pero que para poder executar a medida que se propón habería que facer reubicación e con autorización de Costas e consignación. Manifesta que tamén hai que valorar que alí hai un parque infantil e moitos viandantes mirar o que convén. Di que suporía cambiar a zona de esparcemento por esa pista deportiva e que haberá que facer prioridades orzamentarias e se terá en conta. Manifesta que votará a favor.

Intervén o Concelleiro do Partido Popular de Viveiro, D. Antonio Bouza Rodil que se manifesta a favor. Di que é un bo reto e que traen todo, que só falta executar e que cando se poda parece una boa medida.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo que se manifesta a favor, que se teña en conta. Di que non está dacordo coa ubicación se é unha pista pechada e que se é aberta haberá moitas protestas por balóns... Di que el engadiría que se solicite a cesión das pistas ó aire libre no casino se se fala de abrir Viveiro ao mar, xa que están infrutilizadas,

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Victor Marcial Miranda Gómez que di que fixeron unha proposta valorada e canalizada.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose aprobada por unanimidade, e quedando redactada do seguinte xeito:

Que esta Alcaldía, e o resto da Corporación municipal, teñan en conta este proxecto presentado pola nosa coalición, e sexa analizada polo concelleiro de Deportes e polos técnicos do Concello para ver a a súa viabilidade.

13.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO RELATIVA Á REDUCCIÓN DO GASTO EN ALUMEADO DO NADAL.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Victor Marcial Miranda Gómez que presenta a seguinte moción que literalmente di:



“O Gupo Municipal SON VIVEIRO a través do seu Concelleiro Don Víctor Marcial Miranda Gómez, presenta para o seu debate no PLENO do mes de novembro a seguinte MOCIÓN relativa á

REDUCIÓN DO GASTO EN ALUMEADO DO NADAL

Sendo a actual situación de crise económica tan grave, este Grupo Municipal cre xusto que a redución do gasto en alumeado do nadal para un concello coma o noso, que ten unha débeda de máis de 13.281.000€, debe ser unha prioridade que redundará no beneficio da nosa veciñanza, en dúas vertentes, a ecolóxica e a económica.

O Concello de Viveiro ten que comprometerse nunha política responsable co aforro, debe adoptar medidas reais para reducir o malgasto enerxético, tanto nas instalacións públicas como nas rúas e prazas.

Segundo algunhas organizacións, o alumeado do nadal en España chegou a consumir 30 millóns de quilovatios e emitirá 10 millóns de quilos de dióxido de carbono.

Por iso, SON VIVEIRO proponlle ao Pleno do Concello de Viveiro, os seguintes

ACORDOS:

- 1- Que o Concello de Viveiro non asuma directamente o custo do alumeado do nadal.*
- 2- Que no caso de que outra entidade ou organización quixese facerse cargo deste alumeado, o Concello de Viveiro só autorice o seu encendido desde o día 21 de decembro ata o 6 de xaneiro, en horario de 18 a 22 horas, salvo as vísperas de festivos cuxo horario será de 18 a 24 horas.*
- 3- Renunciar a colocar iluminación eléctrica no exterior dos edificios e instalacións públicas.*
- 4- Solicitar ás empresas que se sumen a esta campaña e apaguen as luces dos seus escaparates ao peche dos comercios.*
- 5- Que o aforro en alumeado do nadal que obteña o Concello de Viveiro se destine a colaborar con algunha ONG/organización sen ánimo de lucro que contribúa a paliar a situación de necesidade dos máis desfavorecidos. ”*

Intervén en representación do grupo municipal do P.S.O.E D. Jesús Fernández Fernández para dicir que xa se levan anos reducindo a montaxe do número de guirnaldas no Nadal. As hemerotecas están para velas. Di que dende o ano 2005 Viveiro luce alumeado en todas as parroquias que se encende o 5 de decembro.

Manifesta que no 2013 e 2014 encendéronse dende o 20 ó 6 e do 19 ó 6 de decembro, respectivamente, que xa se reduce un pouco e que haxa ambiente navideño é bo porque o sector servizos ocupa moito emprego.

Continua a súa intervención dicindo que a campaña navideña serve a moitos para salvar o ano, que senón os veciños din que parece un funeral e que o alumeado público de guirnaldas non se paga



polo consumo senón a tanto alzado, entón van cobrar o mesmo polas 24 horas do día. Di que xa se están apagando os outros anos nalgún horario.

Continua a súa intervención dicindo que no Nadal reúnen as familias e gústalles estar en ambiente festivo. Manifesta que o aforro enerxético é bo, por un lado, pero que se falaba hai pouco de farolas. Di que se absterán porque non poden obrigar a que o comercio apague o seu escaparate. Di que a oposición manifesta que con ese aforro se podía colaborar con ONG e que o Concello de Viveiro xa colabora.

Intervén o Concelleiro do Partido Popular de Viveiro, D. Antonio Bouza Rodil para dicir que comparte as súas inquietudes ecolóxicas e de aforro enerxético e que no pasado mandato trouxeron unha moción para adherirse á FEMP para reducir custos. Pide medidas de aforro reais e non pagar estacións de bombeo que tiña que pagar Viaqua e se pagan por descoñecemento.

Manifesta que non está dacordo en aforrar máis no tema da iluminación, que xa se limitou bastante e que cree que está na súa xusta medida.

Conclue que o Concello terá que pagar a iluminación e que en Corea do Norte ó mellor aceptaba, pedir que apaguen os escaparates...Manifesta que votarán en contra.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que se absterán. Di que eleccións son o día 20 e decidímolos o 21.

Di que o comercio debería participar co seu gran de area para mellor o alumeado, pero que non consintirían que quedase sen alumeado, aínda que si pediría a súa aportación.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Víctor Marcial Miranda Gómez para dicir que os que máis se benefician son os comerciantes, que son os que gañan cartos, para iso sacan o rédito económico e di que se trata dunha solicitude ás empresas para que apaguen que non os obrigan, que o horario é ata ás 22:00 h. e que son horas nas que non hai moito consumismo.

Intervén en representación do grupo municipal do P.S.O.E D. Jesús Fernández Fernández., que se manifesta dacordo coa intervención do B.N.G. Di que están acostumados a que cando non o fai ninguén se faga cargo o Concello.Referente á intervención do Concelleiro Bouza de que non entende que se pague a luz dos pozos de bombeo, di que no pleno anterior trouxeron o tema da posta en funcionamento do abastecemento en Ermosende.

Remata dicindo que está dacordo con todos no tema do aforro enerxético,pero que non se pode cortar de raíz todo, que se se corta a luz dos pozos de bombeo queda sen suministro Viveiro.

Intervén o Concelleiro do Partido Popular de Viveiro, D. Antonio Bouza Rodil para dicir, en referencia á intervención do concelleiro do PSOE que non quere entender cal é o problema. Manifesta que non dixo que non houbera que pagar a luz, e que o concelleiro do PSOE Cal dixo que se estaba pagando algo que ó mellor era de Viaqua. Polo que esixe que deixen de pagar iso e pide desculpas por dar estes espectáculos.

Intervén en representación do grupo municipal do P.S.O.E D. Jesús Fernández Fernández para manifestar que acepta as desculpas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que na prensa a acusan de “Tirano dictador”.



Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose a denegación da moción con 1 voto a favor correspondente ó concelleiro de Son Viveiro integrante do Grupo Mixto, 5 votos en contra correspondentes ao grupo do P.P. e a abstención dos 7 concelleiros correspondentes ó grupo do PSOE aos 3 do B.N.G

14.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO RELATIVA AO INICIO DOS TRÁMITES PARA A INCORPORACIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DA PISTA ONDE SE CELEBRA A CARREIRA DE CABALOS NA FEIRA DAS MAULAS DE GALDO.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Victor Marcial Miranda Gómez que presenta a seguinte moción que literalmente di:

“O Gupo Municipal SON VIVEIRO, a través do seu Concelleiro Don Víctor Marcial Miranda Gómez, presenta para a súa inclusión na Orde do día do Pleno do Concello de Viveiro, a seguinte MOCIÓN relativa ao INICIO DOS TRÁMITES PARA A INCORPORACIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DA PISTA ONDE SE CELEBRA A CARREIRA DE CABALOS NA FEIRA DAS MAULAS DE GALDO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Galdo só conta con servizo de augas municipais na súa metade norte, sendo a partir a Feira de Galdo conducións veciñais as que suplen esta deficiencia.

O burgo de Pé da Ruba dispón dun abastecemento que leva a auga polo seu peso nun traxecto con importantes desniveis que provocan gran perda de presión; esta deficiencia pode ser facilmente arranxada variando o percorrido, nuns douscentos metros, pola pista inde se celerabn as carreiras de cabalos na “Feira de Maulas”, atravesando as Parcelas números 17, 18, 19, 20, 21, 22, 40, 42, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 66, 67, 68 e 69, dentro do Polígono 35, todas elas de propiedade privada, motivo este que dificulta que un servizo comunitario, de competencia municipal, poida ser mellorado polos veciños e veciñas, a pesar de ser realizada a obra con fondos públicos e facerse cargo este Concello periodicamente do seu mantemento.

Por todo isto, SON VIVEIRO proponlle ao Pleno deste Concello os seguintes

ACORDOS:

1.- Que esta Alcaldía inicie os trámites administrativos para incorporar a citada pista ao Inventario de Bens Inmóbles Municipal.

2.- Que, á maior brevidade posible, esta Alcaldía contacte coas propietarias e propietarios das citadas fincas para regular a titularidade da sinalada vía e dispoña as xestións administrativas legais necesarias para facilitarlle aos habitantes do citado burgo a realización da mencionada obra.

(Achegamos dous mapas de cartografía catastral da citada zona, antes e despois da construción da devandita pista).”



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que falou cos técnicos, e independentemente que estean dacordo, hai cousas que necesitan informes previos. Propón deixalo encima da mesa, facer unha comisión cos técnicos correspondentes e volvelo a levar. Di que senón se absterán. Que se debe facer a comisión, que aquí denuncian por todo.

Intervén o Concelleiro do Partido Popular de Viveiro, D.Celestino García Paz para dicir que o que falou a Alcaldesa trastocoulles a forma de actuar, parécelles ben que se poda debatir en comisión. Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose por unanimidade a opción de deixalo sobre a mesa e convocar unha comisión técnica.

Incorpórase á sesión plenaria a Concelleira D. María Soledad Yáñez Rey.

15.- DACIÓN DE CONTA DE CORRESPONDENCIA OFICIAL.

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, dase por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

16. ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE VIVEIRO (CON N° DE REXISTRO DE ENTRADA 8016)

El grupo municipal del PP de Viveiro, haciéndose eco de las demandas de los vecinos del barrio del Pedregal, así como de los de la calle Emilio Bouza Basanta de la parroquia de Covas, hemos presentado en distintos plenos ordinarios desde los años 2009 hasta el 2015 sendo ruegos y preguntas dirigidas al Alcalde/sa, sobre la situación que estos vecinos llevan y siguen padeciendo desde hace varios años, como consecuencia del abandono de la obra paralizada de la Empresa Os Molineros, situada al lado del Bloque B de las viviendas del Pedregal, en cuyo recinto o foso y su entorno, siguen habiendo aguas estancadas de dudosa salubridad que provocan mal olor, plaga de mosquitos, ratas, maleza y residuos de diversa índole, así como la falta de seguridad en el citado hueco.

Durante el mes de Julio el gobierno local toma la resolución de ordenar el precintado de la finca ante la gran afluencia de personas en esas fechas estivales, ante la ya existente situación de peligrosidad. Días más tarde el Concejel-Delegado de Obras, técnicos del Concello y personal de la obra toman la decisión de un modo lento y progresivo, pero lo cierto es que a día de hoy está incompleto. Por todo lo expuesto preguntamos al Gobierno Local:

- 1- ¿A qué acuerdo se llegó en la reunión entre el Concello y los promotores de la obra?
- 2- ¿Cuándo tienen previsto finalizar el relleno del hueco existente?
- 3- ¿Qué otras actuaciones tienen previstas para adecuar el entorno de esta zona?
- 4- Dado que varios vecinos se siguen quejando por la presencia excesiva de mosquitos y ratas, ¿qué actuaciones tienen previstas para solucionar esta problemática?



Interven a Sra. Alcaldesa para dicir que sempre están co mesmo, son tremendamente cansinos. Informóuselles que hai conflito xudicialmente entre Blanco e Molineros. Di que hai un extenso expediente de multas e requirimento e que o concelleiro de obras e os técnicos mediaran para desbloquealo. Manifesta que Molineros de xeito voluntario tiñan a decisión de encher ese oco.

Din que atenden ós requirimentos, respecto a ratas e mosquitos, e relata datas de varias actuacións neste ámbito.

ROGOS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE VIVEIRO (CON Nº DE REXISTRO DE ENTRADA 7823)

Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación os seguintes ROGOS para o próximo Pleno, ó obxecto de que se subsanen as deficiencias sinaladas coa maior prontitude posible:

1º) Varios veciños que acceden á rotonda da Misericordia dirección Vieiro (marxe dereita) manifestan a necesidade da instalación de bolardos donde estaba situado Talleres Auto – Lar, debido a que algúns vehículos estacionan na zona para os viandantes o que obriga ós peóns a invadir a estrada, co conseguinte perigo para a súa integridade física. Por este motivo ROGAMOS ó equipo de goberno que volte a instalar bolardos nesa zona para protexer o paso dos viandantes.

2º) No Barrio de Verxeles ao carón dos nº 25-27 (estrada xeral), está situados uns contenedores de basura que impiden a visibilidade dos conductores cando saen do garaxe do citado edificio para incorporarse á estrada, situación que ten provocado varios accidentes. Por este motivo ROGAMOS ó equipo de goberno lle busque unha solución a esta situación para evitar riscos innecesarios.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir respecto ao primeiro rogo que uns bolardos quitáranse provisionalmente por obras nunha vivenda unifamiliar e logo se repoñerán. Manifesta tamén que se pintou unha liña amarela dende a capela ata a beirrarúa para prohibir o estacionamento.

Respecto ao segundo punto di que no 2012 despois do incidente a policía local fixo informe para poñer dous espellos e fai uns meses por outro incidente a policía fixo informe que non víu problemas, de xeito que se barallou poñelas no outro lado e considerouse que ese era o lugar máis apropiado. Di que se reunirán cos preesidentes da comunidades afectadas para ver a opinión de todos os residentes.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE VIVEIRO (CON Nº DE REXISTRO DE ENTRADA 7822)

Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes preguntas sobre as que desexa obter no próximo Pleno, a correspondente resposta, ben sexa oral ou por escrito.

1º) Despois de que os nenos e nenas non poideran disfrutar durante todo o verán do parque da zona de ocio de Parquemar na parroquia de Covas, entre outros motivos porque houbo que deixar medrar o césped, unha empresa instalou o rego automático en dito parque, obra que non se contemplaba no



proxecto inicial, nin na obra adxudicada á empresa Oziona. Por este motivo lle PREGUNTAMOS á Sra. Alcadesa:

- Que presuposto tivo dita obra para o rego automático?
- Quen o vai financiar?

2º) No barrio de Escourido da parroquia de Covas, na pista que vai á Insua, fixéronse no ano 2010 unhas obras de canalización tanto para a auga coma para o alumado público, así como para dotar de enerxía eléctrica á area etnográfica. A día de hoxe descoñecemos a situación actual destas obras, constándonos que so se fixa a obra civil e o resto está en absoluto estado de abandono, motivo polo que lle preguntamos á Sra. Alcadesa:

- Cando teñen pensando rematar definitivamente e dun modo completo as mencionadas obras?

3º) No pleno do 8 de Xaneiro do 2015 aprobouse por unanimidade a moción presentada por este grupo municipal relativa a colocación de Carteleiras informativas no noso Concello. Acordouse facultar á Sra. Alcadesa para facer as xestións necesarias coas empresas, así como buscar os sitios idóneos para instalar ditas carteleiras informativas polas distintas parroquias do Concello.

Como a día de hoxe non nos consta a colocación das carteleiras e ante a insistencia de moitos veciños das distintas parroquias, e polo que lle preguntamos á Sra. Alcadesa:

- Reuniuse ou fixo algunha xestións con algunha empresa ó respecto?
- Dado que as empresas funerarias eran as máis interesadas en costear este servizo, contactou con elas para falar de dita posibilidade?
- No caso de terse reunido con empresas, a que acordos chegaron?
- Si non fixo ningunha reunión e dado que xa transcuriron máis de 9 meses dende a aprobación desta moción, cando ten pensado reunirse coas empresas para abordar este asunto?

4º) Este grupo municipal solicitou en varios plenos nos anos 2013 e 2014 a colocación de marquesinas para as paradas de bus nos Barrios do Chao en Celeiro e da Cruz en Covas. Nesta última hai unha marquesina desmontada desde o 23 de xullo de 2014, ocupando un terreno privado – co permiso do seu dono – e que só habería que colocala. Na última ocasión que nos interesamos por este tema nun pleno, a resposta da Sra. Alcadesa foi que se colocarían “cando se poida e cando haxa orzamento”. Esta marquesina era habitualmente moi usada polos nenos e nenas que acuden ó colexio. Como queira que a día de hoxe – máis dun ano despois -, e dado que o curso escolar xa comenzou hai máis de dous meses e polo que lle preguntamos á Sra. Alcadesa:

- Un ano despois hai orzamento ou vai habelo para a colocación destas marquesinas?
- Teñen pensado colocalas a curto prazo ou os veciños terán que agardar un ano mais?

Intervén a Sra. Alcadesa que responde que referente á primeira cuestión aproveitando que tiveron a comisión de Avenida de Cervantes aclarou os datos de Parquemar. Que a instalación de Rego non formaba parte da mesma a financiación por fondos propios (7.000€). Que son obras que foron executadas paralelamente, que era necesario e debería facerse coa instalación. Conclue dicindo que agora o goberno tiven que facelo para evitar os problemas do parque.



Referente á segunda cuestión a Sra. Alcaldesa expón que ante as gamberradas na zona decidiuse temporalmente non tirar gran diñeiro. Di que a instalación que deixou Costas está inutilizada (que usaran vostedes na inauguración da Insua- e que baixaban cos coches ata hai poca polas pasarelas de madeira, deixándoas destruzadas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para responder á terceira pregunta sobre a que manifesta que pediron prezos e que saen a 350 € máis ive/unidade e que faltan por decidir os puntos máis adecuados para colocalas.

Responde a Sra. Alcaldesa á pregunta do punto catro para dicir que refrente á de Covas xa hai orzamento xa se falou coa empresa e vaise facer unha coma a do María Sarmiento e logo colocárase no barrio de O Chao de Celeiro.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE VIVEIRO (CON N° DE REXISTRO DE ENTRADA 8198)

Antonio J. Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación preguntas sobre as que desexa obter no próximo Pleno, a correspondiente resposta, ben sexa oral ou por escrito.

1º) No pasado Pleno ordinario do mes de outubro, o nosogrupa preguntaba si se tiña solicitada a subvención plurianual –anos 2015 e 2016- para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia ai abeiro da ORDE do 22 de xuño de 2015.

Sinalábase que ó máximo que lle podería corresponder o noso Concello sería de 2000 euros – por encontrarse no tramo de 10.001 a 20.000 habitantes-.

Por parte da Sra. Alcaldesa respostábasenos que había persoal encargado en cada departamento de revisar os boletíns para ver que subvencións interesaban e cales non.

Hai uns días saía a resolución do 8 de outubro de 2015 polo que se resolvían ditas subvencións, non figurando Viveiro nin entre as concedidas, nin entre as excluídas, o que nos leva a pensar que a Viveiro non lle interesan eses posibles 2000 euros para a mellora dos fondos bibliográficos da nosa biblioteca municipal, ou que directamente non se solicitou.

Por este motivo lle PREGUNTAMOS á Sra. Alcaldesa:

- 1-Solicitouse expresamente dita subvención plurianual?
- 2- En caso negativo, cales foron as razóns de non solicitala?
- 3- Cree vostede que Viveiro se pode permitir o luxo de perder este tipo de subvencións?

2º) Varios veciños nos fixeron chegar as súas queixas pola pouca atención e coidado que se lle presta os cans que se recollen e se depositan nas instalacións habilitadas ó efecto polo Concello nunha nave do Monte San Roque. Sinalan que cando chove e fai fríp, os animais permanecen fora e mesmo dormen á intemperie, sin chegar a metelos dentro da propia nave – seguramente que a atención sería mellor si dispuxemos do obrigado plan asistencial municipal de animais-.



O certo é que este recinto parece non cumprir con todas as condicións esixidas para dispensar unhas correctas atencións aos cans. Así nunha das últimas visitas do noso grupo ó rexistro municipal atopabamos un documento que falaba dunha proposta sancionadora, onde a xefatura territorial de medio ambiente, despois dunha inspección a esta instalación falaba dunha infracción grave que podería levar aparelhada unha sanción entre 300 e 3000 euros.

Unha autentica lástima non poder contar cunhas instalacións de primeira despois de que os Concello tivese a súa disposición, durante cinco anos, unha subvención de 60.000 euros para este cometido e que se perdeu porque o concello non moveu un so dedo para que isto fose adiante.

Por todo isto lle PREGUNTAMOS á Sra Alcaldesa:

2. Teñen pensado, agora que se acercan os rigores do inverno, gardar e proporcionar un leito mullido para que os cans poidan durmir pola noite dentro de dita nave?
3. Cando se recollen os cans levan vostedes un rexistro de entrada e saída deste animais?
4. Para cando teñen pensado elaborar o plan asistencial municipal de animais?
5. Recibiron algunha sanción por parte da Xefatura territorial de medio ambiente polo inadecuado destas instalacións?
6. En caso afirmativo, cal foi a súa cuantía e por que motivo?

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que respecto á primeira pregunta xa contestou no pleno pasado, que deberían preocuparse polo que piden e ven denegado da Xunta, que tamén son moitas.

Referente ao segundo punto a Sra. Alcaldesa di que o PP sempre plantexando no pleno temas recorrentes, a pesar de dar resposta clara sobre as mesmas, como ocorre con este tema. Manifesta que hai anos había un con convenio coa protectora de Lugo que recollía os cans. Que aumentaron os abandonos e os prezos pola recollida son desorbitantes. Continua dicindo que Protección Civil os recolle e que a Comunidade de Montes habilitou un terreo para atendelos transitoriamente.

Manifesta que ante a denuncia de Medio Ambiente citan ó Concelleiro e din que non compre tras un cambio de impresións, abren expediente que non concluiu. Di que a normativa da Xunta é inasumible para case todos e que o papel aguanta todo cando afecta ós demais.

Manifesta ; que os cans están ben coidados e lévaselles ó veterinario e que o Concello ten a chave da nave que teñen os encargados de coidalos. Remata dicindo que no próximo pleno informaráselles como actúa cada concello da zona.

PREGUNTAS E ROGOS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE VIVEIRO(CON N° DE REXISTRO DE ENTRADA 8197)

PREGUNTAS

1. No pasado pleno do mes de outubro, a Alcaldesa anunciou a creación dunha comisión para tratar a circulación na Avenida de cervantes. Ante o anuncio do inminente inicio das obras, cando ten previsto celebrarse a citada comisión?
2. A rúa Alonso Pérez (Camiño Vello), á súa chegada a Verxeles está novamente chea de fochancas, cando ten previsto o goberno municipal proceder á súa reparación?
3. En declaracións neste Pleno Municipal e aos medios de comunicación, o Goberno Municipal, anunciou o inicio da elaboración dos orzamentos para o ano 2016 no mes de setembro.



Anuncio que como ven sendo habitualno Goberno do PSOE cando falamos de orzamentos municipais, era falso. Cegados oa mes de novembro continuamos sne noticias da elaboacións dos orzamentos municipais en tempo e forma. ¿ Cando ten previsto presentar o Goberno Municipal o proxecto de Orzamentos Municipasi para a súa aprobación no Pleno?

ROGOS

1. Na beirarrúa entre Celeiro e Viveiro, non hai papelerira sufivintes para o seu uso por parte dos viandantes. Rogamos ao goberno municipal que se proceda a colocar mási papeleras en dito tramo.

Intervén a Sra Alcaldesa para dicir que o tocante ao primeiro punto xa se comentou na Comisión Informativa

Referente ao segundo punto intervén para dicir que quedará solucionado cando se aglomere de xeito integral e que se comunicará ao xefe de obras para que se reparen as fochancas.

Intervén a Sra Alcaldesa para responder á terceira pregunta dicindo que está previsto que se poda presentar en novembro, que a resolución das liñas principais da Alcaldía é de setembro e se prepararan antes de empezar o 2016.

Referente ao rogo a Sra. Alcaldesa di que o concelleiro de obras é consciente e que cando haxa posibilidade instalaranse.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE SON VIVEIRO(CON N° DE REXISTRO DE ENTRADA 7957)

No pasado pleno do mes de outubro, o noso grupo presentou unha pregunta relacionada coas xestións que diante da Xunta de Galicia estaba levando a cabo esta Alcaldía para a desafectación para uso municipal do inmoble do Centro Comarcal A Mariña Occidental, por non estar sendo utilizado na actualidade para os fins para os cales foi cedido.

Desde esa data, numerosos veciños e veciñas fixéronnos cegar a súa preocupación pola necesidade que ten o noso municipio dun parque infantil cuberto debido aos moitos días de choiva que imposibilitan contar cun espazo axeitado que facilite a convivencia da sfamilias con descendencia na nosa cidade.

As suxestións veciñais lévannos a pensar que a citada construcció, con abundante luz, dotada de amplos espazos e con rampas, facilitaría a súa adaptação para o fin suxerido, por un custo alcanzable.

Hai que engadir que se atopa á beira dun paqrue infantil exterior, asi como dunha pequena pista polideportiva, a poucos metros da Escola de Educación Infantil San Roque, preto da gardería e conta con numerosas prazas de aparcadoiro que facilitarían a labor das e dos acompañantes dos nenos e nenas que tiveran que utilizar o automóvil para desprazárense.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que de momento aínda non é do Concello, que a Consellería di que están con obras de Medio Rural e que unha vez que se ceda ó Concello debatirase a que destinalo. Comenta que Viveiro carece dun parque infantil pechado e que hai que ver se está adaptada esa instalación para un parque infantil, habería que facer obras, faría falta un conserxe e quizais sería mellor cubrir unha xa feita.



ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE SON VIVEIRO(CON N° DE REXISTRO DE ENTRADA 7956)

Veciñas e veciños do noso concello fannos chegar unha petición sobre a necesidade de crear nesta vila a CASA DAS PERSOAS PENSIONISTAS, un lugar de encontro onde, xubiladas, xubilados e pensionistas poidan realizar actividades e ocupar o seu tempo libre.

Consideramos inaceptable o argumento que xa existe un centro que xa cumpre esa función, posto que ese local está xestionado por unha entidade financeira que efectuou vendas das tristemente famosas participacións preferentes e subordinadas que tanto sufrimento lle causaron a multitude de viveirenses.

A citada entidade esixe, para poder acceder aás súas instalacións, que o cobro da pensión se leve a cabo no seu propio banco. Aqueles e aquelas pensionistas que non cobran a súa pensión en dito banco, entre eles estafados e estafadas, neganse a ter ningún tipo de relación coa entidade e teñen tamén o dereito a un local no que compartir durante os sete días da semana o seu tempo de ocio, non só cinco días, como está a ocorrer na actualidade co local da entidade privada.

Por todo isto

SOLICITAMOS, que este goberno atenda esta necesidade, entendendo este Grupo Municipal que o edificio máis apropiado ao respecto é o que se atopa na rúa Vila Ponte, na esquina con María De las Alas Pumariño, suxestión que agardamos sexa tida en conta

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o inmueble é a casa de Calvo Sotelo, rehabilitouse o exterior, xa que acondicionar o interior suporía moito custo. Di que quizais podía ser a Casa dos Maestros pero hai carencia orzamentaria. Reamta dicindo que o terán en conta.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 23:00 horas do día 4 de novembro de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,